


**100  
MEDIDAS  
PARA  
A  
CORUÑA  
QUE  
QUERES  
/ ♥**





# **/ ÍNDICE**

<b>EN URBANISMO, MOBILIDADE E MEDIO AMBIENTE</b> .....	6
<b>EN EMPREGO, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E TURISMO</b> .....	12
<b>EN IGUALDADE, DIVERSIDADE E XUVENTUDE</b> .....	16
<b>EN EDUCACIÓN, CULTURA E MEMORIA</b> .....	20
<b>EN POLÍTICA SOCIAL E VIDA SAUDABLE</b> .....	25
<b>EN INNOVACIÓN SOCIAL, CONVIVENCIA, COOPERACIÓN E PARTICIPACIÓN</b> ..	29



**A  
CORUÑA  
QUE  
QUERES  
EN URBANISMO,  
MOBILIDADE E  
MEDIO  
AMBIENTE**

## **/ EN URBANISMO, MOBILIDADE E MEDIO AMBIENTE**

- 1.** Crearemos un parque municipal de xestión pública de vivendas de aluguer social a través de EMVSA.
- 2.** Promoveremos un observatorio para o seguimento do prezo dos alugueres, co fin de monitorizar, vixiar e corrixir o aumento do mesmo na cidade.
- 3.** Poremos en marcha o rexistro de solares, edificios en ruínas ou construcións paralizadas co fin de facer unha poxa se incumpren a obriga de edificar no prazo establecido pola lexislación e o planeamento.
- 4.** Declararemos o ámbito histórico como área de tanteo e retracto a fin de dispor por parte do Concello do dereito de compra preferente dos edificios e solares do conxunto PEPRI.
- 5.** Fomentaremos a liberación do solo pertencente a Defensa non utilizado para a construción de vivendas sociais, de acordo coa planificación urbana da cidade compacta.
- 6.** Poremos en marcha no ámbito histórico un programa de edificios tutelados, consistente na cesión ao Concello de edificios por parte dos seus propietarios durante un período determinado de tempo, para a súa rehabilitación e explotación en réxime de vivenda pública de aluguer.
- 7.** Impulsaremos a creación dun ente público para xestionar os terreos portuarios no que participen todas as administracións e no que poidan pasar a formar parte activa entidades e institucións tanto públicas como privadas.
- 8.** Reordenaremos os terreos portuarios reducindo edificabilidades e dedicándoos a novos espazos públicos e zonas verdes, equipamentos, vivendas de aluguer e experimentais, oficinas e empresas tecnolóxicas, así como equipamentos deportivos vinculados co mar.

## A CORUÑA QUE QUERES

- 9.** Realizaremos Estudos do Espazo Público por distritos a fin de ampliar espazos peonís, mellorar a mobilidade e a accesibilidade, a calidade do mobiliario urbano e aumentar a presenza de arboredo e zonas verdes nas rúas.
- 10.** Aprobaremos no primeiro ano de mandato o Plan de Mobilidade e Espazo Público, elaborado pola Agencia de Ecología Urbana, un marco normativo co cal configuraremos un modelo de cidade máis sostible e habitable.
- 11.** Impulsaremos a reordenación das liñas de autobús, buscando unha maior racionalidade para reducir os tempos de espera e de viaxe, e para mellorar a conexión entre os diferentes barrios e nodos estratéxicos da cidade.
- 12.** Traballaremos pola inmediata execución da Estación Intermodal de San Cristóbal, como punto de interconexión de todos os sistemas de transporte da cidade.
- 13.** Implantaremos unha malla de carrís-bus nas principais arterias da cidade para reducir os tempos de espera e xerarquizar o espazo público, primando o transporte colectivo.
- 14.** Melloraremos e reorganizaremos a entrada do transporte metropolitano ao centro da cidade, trasladando as paradas situadas en Entrexardines a outro punto central que non obstaculice a conexión peonil dos Xardíns de Méndez Núñez e ao mesmo tempo permita unha mellor conexión entre liñas metropolitanas e buses urbanos.
- 15.** Instauraremos un sistema de abonos mensuais para os usuarios do autobús urbano, con tarifas adaptadas a súa situación e franxa de idade (estudantes, pensionistas, parados, familias numerosas...). Ditos abonos poderán combinarse con outros servizos de transporte público, como a rede BiciCoruña.
- 16.** Recuperaremos as concesións dos aparcamentos subterráneos da cidade unha vez finalizadas co fin de implantar tarifas máis competitivas que permitan reducir a presenza de aparcamentos en superficie.

## A CORUÑA QUE QUERES

- 17.** Reorganizaremos o eixo Cantóns-Mariña a fin de adecuar a sección da calzada ao tráfico actual, derivado da posta en marcha do Túnel da Avenida do Porto, co fin de ofrecer maiores espazos peonís e usos alternativos en fines de semana e festivos.
- 18.** Revisaremos os trazados do carril bici existentes impulsando o calmado do tráfico nas rúas da cidade e a adaptación da calzada para a correcta convivencia de vehículos a motor e bicicletas.
- 19.** Introduciremos na rede Bici-Coruña bicicletas eléctricas e crearemos unha tarifa plana Bici-Bus para o uso combinado en Bici-Coruña e no bus urbano.
- 20.** Impulsaremos, dentro da empresa municipal de servizos, unha empresa eléctrica municipal, Coruña Electricidade, que aposte por unha enerxía 100% renovable e subministre nunha primeira fase a todos os edificios municipais e nunha segunda fase á cidadanía en xeral, desde unha visión social como medida para combater a pobreza enerxética e contribuír á transición enerxética da cidade.
- 21.** Apostaremos pola conservación dos bosques que rodean a cidade co Parque Alto a cota +125 do PXOM, e plantaremos novos bosques autóctonos nos espazos verdes propostos polo Plan Xeral nos desenvolvementos da periferia da cidade.
- 22.** Poremos en marcha a Rede de Alerta Ambiental da cidade, integrando todos os sistemas de medida e predición de parámetros ambientais.
- 23.** Estudiaremos a implantación de novos modelos de recollida de residuos na cidade dentro das posibilidades do actual prego en licitación.
- 24.** Apoiaremos a adquisición de vehículos eléctricos e híbridos para a mobilidade urbana, con melloras nas bonificacións fiscais, concesión de prazas de aparcamento prioritario e axudas específicas.



## A CORUÑA QUE QUERES

- 25.** Ampliaremos e modernizaremos as instalacións do centro municipal de acollida de animais, mellorando a súa calidade de vida sempre baixo os principios de sacrificio 0.
- 26.** Elaboraremos unha nova ordenanza de benestar animal co fin de dar resposta a as necesidades actuais e de regular o uso compartido de espazos e transportes públicos.
- 27.** Impulsaremos campañas de concienciación sobre a adopción, acollida e tenencia responsable de animais para fomentar o respecto polos mesmos e unha maior integración no día a día da cidade.



**A  
CORUÑA  
QUE  
QUERES  
EN EMPREGO,  
DINAMIZACIÓN  
ECONÓMICA E  
TURISMO**

## / EN EMPREGO, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E TURISMO

- 28.** Apoiaremos e impulsaremos o proxecto da “Cidade das TIC” da UDC e o clúster TIC en terreos da Fábrica de Armas como medio para atraer talento investigador e empresarial.
- 29.** Rehabilitaremos e revitalizaremos os polígonos industriais mellorando os seus accesos, as súas zonas de aparcamento, a súa xestión de residuos e as súas dotacións públicas.
- 30.** Crearemos programas específicos para traballadores autónomos e PE-MES con cursos de formación en xestión empresarial e proxección internacional.
- 31.** Promoveremos a implantación progresiva das licenzas exprés e portelo único como mecanismo para o fomento da actividade comercial e empresarial.
- 32.** Apoiaremos e impulsaremos a creación dunha zona franca en A Coruña defendida pola Deputación Provincial co fin de que a comarca gañe peso industrial.
- 33.** Crearemos equipos técnicos específicos para a busca de ofertas de emprego, formación con compromiso de contratación e prácticas non laborais nos sectores profesionais con maior potencial de creación de emprego da cidade.
- 34.** Crearemos un Observatorio de Emprego como servizo de información continua entre os departamentos do Concello, tanto de cara a recompilar información sobre o emprego que é susceptible de xerar o propio Concello, como sobre os sectores profesionais susceptibles de xerar emprego na cidade.

## A CORUÑA QUE QUERES

- 35.** Promoveremos programas de axudas á contratación das ONGs que desenvolven políticas activas de emprego na cidade, sumando esforzos para multiplicar os resultados de inserción laboral.
- 36.** Impulsaremos programas de becas para prácticas en empresas dirixidas a xoves, desempregados maiores de 45 anos e colectivos vulnerables.
- 37.** Melloraremos a coordinación entre o Servizo Municipal de Emprego e os Servizos Sociais Municipais en aras de mellorar as intervencións, a derivación entre servizos para unha mellor atención ou o seguimento e avaliación conxuntos das insercións laborais.
- 38.** Promoveremos a implantación dunha rede wifi municipal en todo o casco urbano, así como unha aplicación interactiva para móbiles que explique cada punto da cidade (con especial incidencia en museos ou sitios históricos) en base ao posicionamento que o usuario teña en cada momento.
- 39.** Impulsaremos no marco do proxecto de zona franca unha liña de ferri que enlace A Coruña con cidades de Inglaterra e Irlanda co fin de atraer empresas inglesas que abandonen Reino Unido con motivo do Brexit así como outros modos de turismo como o de autocaravanas.
- 40.** Potenciaremos o turismo gastronómico creando a marca “Cociña Atlántica”, así como impulsando o concurso de Tapas Picadillo e creando un evento para a cascarilla de cacao.
- 41.** Impulsaremos un incremento de rutas e frecuencias desde o aeroporto de Alvedro co fin de acceder aos mercados potenciais da cidade.
- 42.** Crearemos unha nova marca turística para a cidade que capte o espírito atlántico da Coruña e instalaremos unha imaxe deseño de dita marca en puntos onde se queira fotografar o turista e que nos axuden a posionala.
- 43.** Impulsaremos o turismo de cruceiros traballando por unha nova estación marítima no peirao de Calvo Sotelo, fomentando excursións e visitas turísticas dentro da cidade e facilitando un servizo de autobuses regular que una os puntos clave da mesma.



**A  
CORUÑA  
QUE  
QUERES EN  
IGUALDADE,  
DIVERSIDADE  
E XUVENTUDE**

## / EN IGUALDADE, DIVERSIDADE E XUVENTUDE

- 44. Crearemos o Observatorio de igualdade como lugar de encontro con entidades e asociacións feministas e LGTBI; con mulleres migradas e autóctonas, minorías étnicas e mulleres en risco de exclusión, etc.
- 45. Realizaremos campañas de concienciación sostida ao longo do ano que contén con fitos nos que potenciar mensaxes clave, cuxa finalidade sexa promover a implicación cidadá fronte ás violencias machistas.
- 46. Promoveremos a atención ás mulleres de etnia xitana e aqueles colectivos en situación de exclusión social (prostitutas, inmigrantes, ...) a través de programas de promoción preeducativa e prelaboral, formación e itinerarios de emprego, sensibilización e empoderamento.
- 47. Crearemos na rede de museos da cidade salas específicas destinadas a exposicións temporais que visibilicen as obras e traxectorias de figuras femininas relacionadas co tipo de museo no que se atopen.
- 48. Habilitaremos “Puntos Violeta”, espazos de axuda á muller nos que se atopen voluntarias e integrantes de colectivos feministas especializadas en prevención e asesoramento contra a violencia machista no contexto das festas da cidade ou concertos e ocio nocturno.
- 49. Impulsaremos a creación do Consello da Xuventude da Coruña para estimular a participación dos mozos coruñeses e o seu tecido asociativo nas institucións municipais
- 50. Crearemos un programa de subvencións para financiar proxectos innovadores de mozos empresarios autónomos.



## A CORUÑA QUE QUERES

**51.** Aumentaremos os convenios de colaboración con colexios profesionais e institucións de ensinanza en especial aumentar becas e contratos de prácticas en organismos municipais.

**52.** Continuaremos apoiando o “Corufest” como festival que pretende a través do teatro, a cultura e a arte visibilizar dunha forma combativa a realidade do colectivo LGTBI+, e impulsaremos o “Atlantic Pride”, que pretende ser o orgullo LGTBI+ de toda a cidade e a nivel autonómico.

**53.** Potenciaremos o Espazo de Diversidade Sexual e Identidades de Xénero, en torno ao cal desenvolveranse todas as actividades e programas dirixidos a conseguir a igualdade, visibilización e integración plena das persoas do colectivo LGTBI+ na cidade. O Servizo xestionarase en colaboración coas entidades LGTBI+ da cidade, potenciando a participación e corresponsabilidade destas nas políticas municipais.

**54.** Impulsaremos campañas de información, difusión e sensibilización ante as problemáticas e demandas do colectivo LGTBI+ e contra a homofobia, transfobia, lesbofobia, bifobia ou calquera outra discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero.

**55.** Poremos en marcha a web “Coruña Diversa” como parte do Espazo da Diversidade a través da cal transmitirase información sobre actividades, formación online e se levarán a cabo programas de apoio personalizados.

**56.** Crearemos o Centro de Estudos LGTBI+ encargado da elaboración dun fondo cultural, bibliográfico e audiovisual sobre o movemento LGTBI+, especialmente en Galicia e na nosa cidade que realizaraá estudos sobre a realidade actual deste colectivo.



**A  
CORUÑA  
QUE  
QUERES EN  
EDUCACIÓN,  
CULTURA E  
MEMORIA**

## / EN EDUCACIÓN, CULTURA E MEMORIA

- 57.** Impulsaremos proxectos de rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética dos centros escolares da cidade, así como de mellora e ampliación das súas instalacións segundo as necesidades de cada centro.
- 58.** Potenciaremos os Programas de inmersión lingüística, facendo fincapé no programa de Becas USA, dotándoas de maior dotación orzamentaria e ofertando un maior número de prazas, así como revisando os seus criterios de baremación.
- 59.** Potenciaremos o Consello Escolar Municipal para facer un espazo de debate, participación e laboratorio de ideas.
- 60.** Impulsaremos os centros de formación profesional da cidade poñendo en contacto a pequenas e medianas empresas da cidade co estudantado e participando desde o Concello en programas europeos de intercambio de estudantes de FP.
- 61.** Realizaremos una reorganización das zonas de influencia para axustar a oferta escolar e a poboación real.
- 62.** Fomentaremos a alimentación ecolóxica e de proximidade nos centros escolares da cidade convertendo os comedores escolares en espazos educativos esenciais dentro dos colexios.
- 63.** Dotaremos de maiores espazos de comedor escolar nos centros educativos para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar das familias, así como estudaremos a instalación de cociñas propias en todos os centros onde sexa posible.
- 64.** Estenderemos a rede municipal de escolas infantís de 0 a 3 anos, coa finalidade de cubrir a demanda existente na cidade, impulsando con carácter prioritario as novas escolas infantís de Monte Alto e Os Castros-Castrillón.

## A CORUÑA QUE QUERES

**65.** Trasladaremos a Escola Municipal de Música ao cuartel do Parque dotándoa de maiores espazos e permitindo a ampliación do CEIP Curros Enríquez.

**66.** Implantaremos un modelo UNIVERCITY (colaboración Universidade-Cidade), para unir moitos dos obxectivos e propostas da estratexia 20/30 e aproveitar o caudal de coñecemento e I+D con que conta a cidade para realizar propostas realistas que aumenten as oportunidades da noa cidade e os seus residentes.

**67.** Promoveremos un Plan Estratéxico Integral de Intervencións Urbanas Artísticas para fomentar unha cultura viva, participativa e que teña penetración no tecido e a trama urbana.

**68.** Impulsaremos o proxecto “Lembranzas do Porto” na antiga Lonxa do Muro, como centro de interpretación do mar, a pesca e a emigración.

**69.** Estableceremos un programa de mediación cultural para unha audiencia xeneralista e especializada, aproveitando os espazos dos centros cívicos e socioculturais, para o fomento da creación, promoción, difusión e debate da actividade artística local, dirixida por un equipo multidisciplinar que sirva como centro de creación de ideas e espazo de creación en torno ás artes plásticas, escénicas, visuais, literarias, audiovisuais... dinámico e aberto a toda a cidadanía.

**70.** Crearemos unha “Noite Máxica” para a música en primavera na cal ocupase un edificio municipal e darase cabida a todos os grupos da cidade en diferentes escenarios, facendo un set para que poidan “coller quenda” os que queiran participar no momento gravando as actuacións para que os grupos participantes poidan contar cunha maqueta na que mostrar o seu traballo.

**71.** Propoñemos a creación da Coruña Film Commission, cuxo traballo servirá para constituír un punto de encontro e de diálogo do Sector Audiovisual, centralizar todos os trámites relacionados co sector e promover de forma activa A Coruña como plató de rodaxe.

## A CORUÑA QUE QUERES

**72.** Elaboraremos un Plan de Dinamización das Casas-Museo a fin de que funcionen coordinadas como un Museo da cidade dinámico e vivo para reivindicar mediante charlas, debates, exposicións, fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, un boletín semestral... a memoria da Coruña e a súa intrahistoria, desde unha perspectiva local, galeguista e ilustrada, segundo a materia de cada espazo.

**73.** Redimensionaremos a Feira do Cómic da Coruña conectándoa cun Festival de Cine Fantástico e de Terror, Feira videoxogos, exhibición de cosplay, parkour... unha semana grande para conectar a Feira do Cómic con outro tipo de actividades culturais e xuvenís que xoguen dentro dos parámetros e claves culturais da Feira do Cómic, aproveitando a centralidade da mesma.

**74.** Crearemos un Consello Municipal de Memoria Histórica cuxa finalidade será establecer unha relación entre o Goberno Municipal e o tecido asociativo, e cidadanía, que traballa ou teña interese en torno á Memoria Histórica, así como constituír un espazo para intercambiar información ou propoñer actividades entre ditos axentes.

**75.** Crearemos dentro da Casa-Museo Casares Quiroga un Centro para a Memoria Histórica da cidade, que sirva de crisol de actividades culturais, científicas, académicas e de investigación e difusión a historia da Guerra Civil Española, e a Ditadura Franquista. Dita Casa será ademais a Sede do Consello Municipal de Memoria Histórica.



**A  
CORUÑA  
QUE  
QUERES  
EN POLÍTICA  
SOCIAL E VIDA  
SAUDABLE**



## / EN POLÍTICA SOCIAL E VIDA SAUDABLE

- 76.** Crearemos un Equipo Técnico Multidisciplinar no Concello sobre a soidade que, en colaboración co Terceiro Sector de Acción social, realice un diagnóstico social da situación de soidade e elabore e leve a cabo os programas para paliar e promover o acompañamento.
- 77.** Promoveremos un Convenio Especial Plurianual con FEGEREC (Federación Galega de Enfermidades crónicas) para habilitar un espazo suficiente capaz de albergar ás entidades de enfermidades crónicas da nosa cidade de forma que poidan compartir funcionalidades comúns derivadas de obxectivos que son compartidos por case todas elas.
- 78.** Crearemos o Observatorio Social da Coruña para promover accións que impulsen e potencien a cohesión social das persoas que viven na nosa cidade e permitir a planificación da toma de decisións máis convintes para a vida das e dos coruñeses.
- 79.** Sentaremos as bases do Clúster Sociosanitario da Coruña, cuxos membros serán entidades institucionais, sociais e privadas do sistema sanitario e do sistema de servizos sociais; entidades de formación e entidades e empresas provedoras de tecnoloxía social e sanitaria; para a xestión eficiente dos recursos e a realización de proxectos compartidos.
- 80.** Melloraremos o programa de talón restaurante coa finalidade de que se complemente cun programa de acompañamento integral que se realizará de forma mensual a toda aquela poboación vulnerable dentro do programa.
- 81.** Reestableceremos os equipamentos de proximidade en cada un dos distintos centros cívicos que funcionarán como distritos de atención ao cidadán.
- 82.** Desenvolveremos estratexias transversais a través de servizos sociais, cultura e educación para homoxeneizar o tránsito da poboación inmigrante.

## A CORUÑA QUE QUERES

- 83.** Realizaremos liñas de traballo co tecido asociativo vinculado á infancia con fin de descartar do ámbito municipal calquera indicio referido á pobreza infantil.
- 84.** Deseñaremos coas asociacións que traballan coa infancia vulnerable e con familias en risco de exclusión un programa para unha eficaz integración das nenas e nenos no ámbito social.
- 85.** Desenvolveremos nos primeiros 100 días de goberno as liñas estratéxicas para alcanzar a erradicación do chabolismo en todos os asentamentos da cidade atendendo ás diferentes características de cada un.
- 86.** Incrementaremos ata o 6% dos orzamentos municipais o orzamento en deportes co fin de dotar de maior persoal ao servizo e de levar a cabo intervencións de mellora e mantemento nas instalacións deportivas municipais.
- 87.** Crearemos unha nova cidade deportiva en terreos da Fábrica de Armas compatible co proxecto da "Cidade das TIC" na que se proxecta un estadio de atletismo e campos de fútbol homologados para rugby e fútbol gaélico.
- 88.** Cederemos terreos ás federacións para a construción da Casa da Raqueta.
- 89.** Revisaremos o convenio dos clubs modestos co Concello para dar maior oxíxeno aos clubs, desde o punto de vista económico, e cederemos un local municipal á Asociación de Fútbol Aficionado da Coruña.
- 90.** Fixaremos criterios para poder ofrecer aos clubs da cidade un reparto xusto das instalacións deportivas e dos convenios municipais.
- 91.** Crearemos liñas de axudas e convenios para deportistas de elite e deportistas sénior que participen en europeos, mundiais ou olimpíadas, así como a os seus clubs.
- 92.** Apostaremos por un modelo de turismo baseado no deporte coa organización de grandes eventos deportivos, ademais recuperaremos a liña de axudas desde a Concellaría de Turismo para os clubs e deportistas que viaxen fora da comunidade autónoma.



**A  
CORUÑA  
QUE  
QUERES  
EN INNOVACIÓN  
SOCIAL,  
CONVIVENCIA,  
COOPERACIÓN E  
PARTICIPACIÓN**

## / EN INNOVACIÓN SOCIAL, CONVIVENCIA, COOPERACIÓN E PARTICIPACIÓN

- 93.** Apoiaremos o asociacionismo e o voluntariado en entidades con fines de interese social. As Entidades Recoñecidas terán acceso aos espazos dos Centros Cívicos e Deportivos, e aos medios de información municipal, para a difusión dos seus programas e actividades.
- 94.** Celebraremos un Pleno municipal como mínimo ao ano en equipamentos públicos situados en distintos barrios da cidade. Tratarán de modo monográfico asuntos de desenvolvemento urbano e primaremos neles a participación cidadá.
- 95.** Poremos en marcha o Consello Social da Coruña xunto a entidades, colectivos, plataformas e asociacións, que elabore e emita informes, estudos e propostas de desenvolvemento económico local, planificación estratéxica da cidade e grandes proxectos urbanos.
- 96.** Crearemos o Consello Municipal de Solidaridade e Cooperación.
- 97.** Recuperaremos as axudas municipais á cooperación, con compromiso de que no último ano de mandato o importe orzamentario supoña un 0,4% do orzamento municipal, o acceso ás axudas realizarase mediante un sistema de concorrencia competitiva.
- 98.** Crearemos a área de cooperación dentro da Concellaría de Participación, Cooperación e Innovación Social.
- 99.** Abriremos un proceso participativo con colectivos, asociacións, federacións, etc., para poñer en marcha un novo Regulamento de Participación que diga “como” e “para que”, participamos.
- 100.** Implementaremos a “Oficina Cidadá” como nexos entre cidadanía e administración, onde recibir apoio administrativo de tramitación, información sobre lexislación, posibilidades, propostas, etc.



**PSG<sup>DE</sup>  
PSOE**

